

ACTA

Nº 43 Ano 2014.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas E, no Edificio Administrativo de San Caetano sendo as 11,10 horas do día 17 de decembro de 2014, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<u>Nome</u>	<u>Posto</u>	<u>Teléfono</u>
Emilio J. de la Iglesia Lema	S.X. Presidencia	4.42.03
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.35

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<u>Nome</u>	<u>Organización Sindical</u>	<u>Teléfono</u>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	698-163-636
Pablo Rama Remuiñán	CSI-F	881-542-850
Mª Jose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, por Mugatra.

1- Lectura e aprobación das dúas últimas actas:

Acordase por unanimidade aprobar as actas das dúas anteriores xuntanzas.

2.- Presentación e debate do programa das actividades preventivas, a realizar no 2.015, pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia.

Pásase o debate por apartados da programación presentada:

- a) **Xestión da Prevención.-** CSIF solicita que figure neste capítulo quen realiza as diferentes actividades, a Administración ou Mugatra, e cal é o custe das mesmas. A Administración manifesta que estes datos figuran na memoria que se entrega cada ano, pero que non hai impedimento para que conste

tamen no programa. Esta central sindical propuxo que o próximo pliego de condicións para a concesión da colaboración nas actividades preventivas de riscos laborais, trouxerase previamente a este Comité, para o seu debate. A Administración manifesta que o pliego actual figura na web correspondente, é que se algúnha central sindical quere facer propostas para o novo pliego, que terá que terse aprobado no 2.016, que as presente e se lles respostará.

- b) **Avaliacións de Riscos.-** UGT propón que se engadan as avaliacións da Oficina Agraria de Carballo, que ten outra ubicación, e a do Distrito Medioambiental II de Betanzos, debido as obras de acondicionamento que se fixeron. CIG manifesta o seu desexo dunha mellor colaboración nas avaliacións, cando existe persoal doutros ámbitos da Administración: Sergas, Ensino ou Orgaismos Autónomos, e que se planifique a visita técnica para que non sucedan imprevistos que fagan suspender a mesma, cos correspondentes trastornos para as persoas que tiveron que desprazarse. Sería bo que un par de días antes da visita, se confirmase telefónicamente co responsable do centro, que non existe ningún impedimento que poida facer suspender a mesma. A parte sindical solicita que se lle remita, coma xa quedou pendente o pasado ano, un listado coa relación dos centros avaliados e a súa data de realización. A Administración manifesta que engadirá os centros mencionados nas avaliacións previstas, tentará mellorar os aspectos reseñados e enviará a maior brevidade dito listado.

CSIF solicita que se leve a cabo a avaliación de riscos dos postos de traballo do novo laboratorio oficial de contrastación de metais preciosos, de conformidade co expresado polo Secretario Xeral Técnico da C.Economía na acta nº2 da reunión da súa Rpt de data do 17-11-2014. O xefe SPR da Xunta informa que se comunicará co Secretario sobre dito asunto.

Do mesmo xeito, CSIF solicita que se recolla no programa de actividades preventivas os criterios establecidos para a determinación do de cada un dos centros no que se realizarán a avaliacións de riscos (debido a sinistralidade, debido a unha solicitude, debido a unha obriga legal, ao transcurso do tempo, etc). Acéptase dita proposta.

- c) **Medidas de Emerxencia.-** CSIF lembra novamente a necesidade de actualizar a composición dos grupos de acción, xa que hai persoal que non está no centro respectivo. A Administración manifesta que ó elaborar ou actualizar as ditas medidas ou ó realizar os simulacros irán corrixíndose estas situacións. UGT solicita unha concreción nas datas dos simulacros. A Administración resposta que non as pode poñer, xa que depende da dispoñibilidade do centro correspondente.
- d) **Vixiancia da Saúde.-** A parte sindical solicita que se procure a non repetición das deficiencias do pasado ano, nas que houbo erros no envío dos resultados dos recoñecementos médicos, cruzándose erróneamente ditos resultados entre o persoal deste ámbito. O representante de Mugatra manifesta a súa intención de evitar estes erros, e informa de que a partir do 2.015 as persoas recoñecidas, enviaraselles un email cun contrasinal para que accedan a unha web, na que poderán ver os resultados do seu recoñecemento. CIG manifesta que na provincia de Pontevedra se están aplicando mal os protocolos para a realización dos recoñecementos, e que as mulleres que solicitan a proba xinecolóxica, foron mal atendidas nos centros contratados. Está última situación ocorreu noutras provincias. O representante de Mugatra

resposta que se lle faga chegar a denuncia concreta sobre dita mala aplicación, e investigárase sobre as probas xinecolóxicas. Confirma que algún centro contratado non actúo correctamente, polo que se non rectifican, quitaráselles a concesión, ó igoal que a calqueira outro do que conste que presta un mal servizo. CSIF solicita que se poña a disposición das persoas recoñecidas unha enquisa para que valoren a calidade do recoñecemento. A Administración manifesta que o estudiará.

Abandoa a xuntanza, sendo as 12,15 h. Victor Gallego.

- e) **Formación.**-UGT propón a realización dun curso para persoal de atención ó público, impartido pola EGAP, con título Linguaxe xestual-oral e técnicas de comunicación coa cidadanía, que poida servir para facer fronte os conflitos derivados desta atención. A Administración amosa o seu interese por esta acción formativa. e mirará desenvolverla.
- f) **Participación.**- CCOO solicita da Administración que se requira os Comités de Seguridade e Saúde Laboral, que neste ano non fixeron ningunha xuntanza, para que a fagan o próximo ano. A Administración manifesta que falará de novo cos responsables dos Comités das Consellerías de Cultura e Educación, Economía e Industria, Facenda, o da Dirección Xeral de Xustiza e os dos Edificios Administrativos de Vigo e Ourense, para que convoquen os seus respectivos Comités.
- g) **Investigación de accidentes.**- A Administración fai constar que neste apartado, recóllese o acordado sobre este punto na reunión de xuño.

3.- Debate e decisión sobre a proposta remitida polo Comité Intercentros do Persoal Laboral, para contar cun protocolo ante posibles situacións de agresións verbais ou físicas ó persoal.-

A parte sindical manifesta que o escrito remitido polo Comité Intercentros ten un erro na súa redacción, xa que o aprobado por dito Comité foi solicitar a elaboración dun protocolo de actuación, cara a garantir a máxima seguridade dos traballadores e traballadoras de Función Pública da Xunta de Galicia, non so os das oficinas de emprego. Acórdase, a vista do manifestado, remitir un novo escrito a dito Comité, para que aclare cal é o contido da súa solicitude.

4.- Rogos e Preguntas.-


A Administración manifesta que aporta os datos do ano 2.013, relativos ás certificacións de aptitude ó posto de traballo, solicitadas nunha reunión anterior.

CCOO pregunta sobre a necesidade de facer un debate, para intentar no posible, homoxeneizar as condicións dos seguros de vehículos. A Administración manifesta que acaba de aprobarse a creación dun catálogo de contratación centralizado, que pretende buscar a eficiencia e a eficacia na xestión de diferentes áreas, entre elas a que se menciona. Na xuntanza na que falarase desta cuestión, a Administración comprométese a traer datos concretos sobre as pólizas de seguros dos vehículos.

A parte sindical, a vista das escasas respostas obtidas ó escrito sobre os traballos en caso de temporal, solicita reitérese esta petición ás consellerías que inda non a contestaron. A Administración manifesta que reiterará dito escrito.

Levántase a sesión sendo as 12,,45 h.

Vº Bº O PRESIDENTE


EMILIO DE LA IGLESIA LEMA

Vº Bº O SECRETARIO


EDUARDO FREIRE POUSA